

As trece rosas

-Eran trece rapazas da J.S.U., máis xeitosiñas ca un sol. A máis nova, Blanquita, non cumprira os dezaseis anos. Non ben entraron eles en Madrid, organizáronse pola súa conta e arriscando diariamente as súas vidas dedicábanse a poñer a salvo moitos antifranquistas demasiado coñecidos que se atopaban en gran perigo. Pero chegou esa acusona e díxolles que lles había presentar uns camaradas que estaban tamén organizados, etcétera. Total: que lles preparou unha esparrela e cando as mozas chegaron alá atopáronse de fociños coa policía.

As rapazas foran ao consello ás Salesas –e a Vives canda elas- e alí condenáranas a morte; a Vives, a 20 anos. Cando regresaron aquí, xa podes imaxinar a consternación de todas as reclusas, que as agardaban xeadas polo arrepío. Mais as mozas non perderon os ánimos nin o sorriso.

-Condenáronnos a morte –dixeron- e a sentenza será cumprida dentro de 48 horas. Non nos importa, nin nos arrepentimos de nada. Sen nós ou connosco, a nosa casa triunfará. Mais si que queremos que saibades que no proceso se descubriu que fomos detidas grazas a esa acusona –dixeron sinalánda- e que foi ela mesma a que o dixo diante do tribunal para tratar de disculparse.

-Podes facer idea da que se armou. Á Vives deulle unha síncope e as funcionarias arrincáronola das mans e metérona na enfermería. Se non é por iso, seguro que aquela tarde a linchamos.

-Aquel día –5 de agosto de 1939- foi unha xornada inesquecibel para toda a reclusión. As trece menores, sorrintes e tranquilas, dábannos ánimos ás máis. Laváronse da cabeza aos pés e puxeron os mellores trapiños para iren ao paredón. A unha moza, que é peiteadora de oficio, pedírolle que as peitease ben. “Queremos ir guapas”, dicían. E como ao peitear a unha delas tremíanlle as mans, sen poder remedialo, a rapaza vai e dille: “Non tremas, muller, que nós somos as interesadas e non trememos”. Que alfaias de rapazas! Parecían rosas. Cando viñeron sacalas marcharon á morte como verdadeiras heroínas, dando vivas e cantando. A María Teresa, a funcionaria, sabes?, esa fera falanxista, foi voluntaria ao Leste a darlles os tiros de graza.

Canto á acusona, ninguén no cárcere lle dirixe a palabra. De cando en vez lévana uns días e entón xa se sabe: ao pouco tempo chega aquí unha redada de mozas, detidas por complot, e cando lles preguntamos resulta que caeron no cepo tras unha entrevista coa Vives... (...)

Dona Pepita

Unha moza da galería chega, moi pálida e axitada.

-Chamaron dona Pepita ao despacho do director, mentres se atopaba na misa.

Hai un coro de exclamacións desoladas:

-Se a chamaron así non é para nada bo.

-Algo debeu de lles ocorrer a seus fillos.

Dona Pepita é unha muller sempre enloitada, que conserva restos dunha grande beleza. Viúva de moi nova, con dous nenos moi pequenos no colo, non quixo nunca contraer segundas nupcias –aínda que non lle faltaron proposicións- para lles dedicar a vida enteira aos fillos. Non viviu máis ca para eles, privándose de todo o que unha muller nova podería pedirle á vida, traballando duramente para os criar. Profundamente crente, o seu único refuxio era a relixión. Os fillos eran bos, traballadores, intelixentes e amaban tenramente a súa nai. A poder de sacrificios conseguiu darlles certos estudos. Dona Pepita daba grazas a Deus no máis profundo do seu corazón. Os seus sacrificios estaban ben recompensados.

Chegou a guerra. Os fillos republicanos ardentes, puxéronse sen reservas ao lado do pobo. No 39 os tres foron detidos polos franquistas. Dona Pepita foi condenada a vinte anos. Os seus dous fillos, a morte.

-Os meus fillos non serán fusilados. Deus non o permitirá!- adoita dicir cunha confianza cega. Para implorar esta graza pasa a vida na igrexa, rezando sen cesar, ofrecendo novena tras novena, comulgando diariamente. E agora chamárona ao despacho do director. En Ventas, sabemos o que iso quere dicir.

-Xa vén- di unha muller a media voz.

Dona Pepita aparece na entrada da galería, coa súa mantela negra sombreándolle o rostro. Mortalmente pálida, avanza como unha autómatas, a mirada distante, sen unha bágoa.

Hai un silencio de morte. Ninguén se atreve a preguntar.

Por fin, a mandanta achégaselle:

-Cal deles?- pregunta a media voz.

-Os dous. Onte pola mañá- murmura con voz ronca dona Pepita.

Hai un murmurio de horror. A escena é insoportábel.

Alguén intenta collela do brazo. Dona Pepita rexeita a axuda cun xesto firme. Moi ergueita pasa entre nós e penetra na súa cela. De pronto, derrubándose sobre o catre, comeza a berrar con salvaxe dor:

-Non hai Deus! Mentira todo! Non hai Deus, non hai Deus!

Esta noite clara ergueuse varias veces para ir ao váter. A última vez, vendo que tarda en regresar, vou ver que lle ocorre. Atópoma no corredor.

-Pásache algo?

-Ven ver- dime brevemente.

Chegamos aos lavabos, xunto ao váter. Alí, sentada enriba dun caixón, está dona Pepita, a mirada fixa, os brazos cruzados sobre o peito coma se mexese un neno. Nin siquera nota a nosa presenza.

Seguindo un xesto que me fai Clara coa cabeza, doume conta do que motiva a súa inquietude. Nos lavabos hai unha grosa corda tendida que serve para secar a roupa. Dona Pepita ten os ollos fixos nela...

Durante toda a noite, Clara e mais eu estivemos indo e vindo aos lavabos. Alí atopámonos con numerosas mulleres da galería, movidas pola mesma preocupación.

Pola mañá, alguén quitou a corda. A pesar diso, durante longas noites, dona Pepita permanece en vela nos lavabos e toda a galería monta arredor seu unha garda angustiada.